

Volumen 4 nº 7, diciembre de 2019
Volume 4 nº 7, December 2019

Professional Plant Protection

Guía práctica para o manexo integrado de
pragas do cultivo do pelargonio en contedor
en clima atlántico

*Practical guide for integrated management of
container pelargonium pests in atlantic climate*

Artigo Técnico – *Technical Paper*

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.



Guía práctica para o manexo integrado de pragas do cultivo do pelargonio en contedor en clima atlántico

Practical guide for integrated management of container pelargonium pests in atlantic climate

J. L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.

Aceptado o 18–11–2019/ *Accepted on 18–11–2019*

Artigo Técnico – *Technical Paper*

SICI–2445-1703(20191231)4:7<113:GPPOMI>1.0;CD;2–L

Resumo

No presente traballo o autor describe as técnicas máis adecuadas de manexo integrado de pragas a empregar nas explotacións do cultivo de pelargonio en contedor de zonas con clima atlántico, baseándose na súa experiencia como consultor entomolóxico nas explotacións deste cultivo de Galicia e do norte de Portugal

Palabras clave: pragas do pelargonio, manexo integrado

Abstract

In the present paper the author describes the most suitable techniques recommended for the control of pests in container pelargonium nurseries with atlantic climate, with the base of his experience as and entomological consultant in Galician and northern Portugal nurseries

Key words: pelargonium pests, integrated management

1. Pragmas clave do cultivo en clima atlántico

Tras máis de 10 anos de traballo como consultor entomolóxico nos cultivos de pelargonio, este autor puido constatar a presenza das seguintes pragas provocando dano económico nas explotacións de cultivo en contedor tanto de Galicia como do norte de Portugal, considerándoas pragmas clave deste cultivo nas condicións de clima atlántico:

- *Autographa gamma*
- *Trialeurodes vaporariorum*

- *Frankliniella occidentalis*
- *Bradysia spp.*
- *Aulacorthum solani*
- *Phytonemus pallidus*

Nesta guía describíranse as características máis importantes dos danos que provocan estas pragmas, os aspectos de maior relevancia dos seus ciclos neste clima así como as medidas recomendables para conseguir un manexo integrado destes. Farase especial fincapé nas medidas de